



"Hai unha vontade explícita de baleirar de contido o autogoberno e a cultura"

- [Montse Dopico](#) 23 marzo 2012

[Agustín Fernández Paz](#) recolleu hai só uns días o premio da Asociación Galega de Editores á mellor obra de ficción do ano por *Non hai noite tan longa*, e xa a está a traballar na que será a súa próxima novela. En pouco tempo chegará tamén ás librarías a súa obra *As fronteiras do medo*, só uns meses despois de publicarse *Fantasmas de luz*. Por algo é considerado un dos nosos escritores máis prolíficos, ademais dun dos máis recoñecidos e respetados polo seu compromiso coa lingua, a cultura e o ensino.

En que está traballando agora?

Pois estou na fase de documentación dunha nova novela, ambientada entre os anos 61 a 69. O certo é que quedei abraiado ao lembrar todo o que pasou nesa década. Desde a independencia das nacións africanas, ata a carreira espacial, a loita polos dereitos civís en Estados Unidos, a primavera de Praga, o maio do 68.... Agora fáltame atopar datos concretos sobre música e outras cousas que quero introducir. Non me fío da miña memoria: prefiro sempre enchouparme da época, do contexto, antes de escribir. Iso axúdame a darlle verosimilitude ao que conto.

Daquela decantouse pola mesma xeración da que fala en *Non hai noite tan longa*: a dos que foron novos nos 60.

Non exactamente. Na nova novela haberá un rapaz que vive coa súa familia nunha cidade pequena, e que no ano 61 terá só 4 anos. Esta familia realiza unha actividade clandestina, polo que teño que documentarme tamén sobre iso, supoño que a través dos arquivos do PC.

En *Non hai noite tan longa* Gabriel enfróntase ao pasado da súa familia, republicana e anarquista. Como o facía a protagonista de *Noite de voraces sombras*, cos seus tíos galeguistas represaliados...

Si, tamén en *Corredores de sombra* a protagonista investiga o pasado da súa familia. Toda familia é única. Todas as familias felices parécense unhas a outras, pero cada familia infeliz ten un motivo especial para sentirse desgraciada, di Tolstoi en *Anna Karenina*. É normal que eu volva aos anos 50-60 porque son parte da miña vida.

A verdadeira protagonista de *Non hai noite tan longa* é, porén, a miseria moral daquela sociedade. *Corredores de sombra* fora presentada tamén como un thriller moral, con elementos de novela negra, coma esta.

Non teño ánimos para escribir un ensaio, e a novela permíteme tratar con maior liberdade os temas dos que quero falar. E unha cuestión que sempre me interesou moito é a sensación de estafa que ten a miña xeración. Porque tivemos unha infancia e unha mocidade moi castradora. No ámbito cultural, eu vin agora películas de Godard que non puiden ver de mozo, e escoitei cancións que non puiden escoitar entón porque estaban censuradas. Na sexualidade a represión imposta pola Igrexa católica era moi forte... A represión ía máis alá da política, estendíase á vida cotiá, e iso é o que quixen contar na novela.

Exemplos desa miseria moral son os pais de Berta, que obrigan a súa filla violada a calar. Ou o pobo que lle dá as costas ao pai de Gabriel, encarcerado por un delito que non cometera. A imaxe que nos dá dos 60 é dura e crítica. Nada que ver coa idea de apertura que se nos quixo transmitir sobre a época de Fraga como ministro de Información e Turismo.

Eses exemplos que escollín eran suficientes para contar o que quería. Pero na realidade foi moito peor. É certo que os anos 40 e 50 foran peores. Nos 60 e 70 mellorou o nivel de vida, chegou o turismo... pero non debemos esquecer os estados de excepción dos 60, por exemplo, ou a censura, ou que as últimas condenas a morte se produciron pouco antes de morrer Franco. Foi unha época poliédrica, na que ao lado da loita obreira e estudantil, ou os cambios na Igrexa, se mantiña unha represión ás veces máis sutil e ás veces igual que a anterior. Os 60 non foron uns anos felices de liberdade como se nos quixo facer crer. Ao lado da música, da televisión, dos pantalóns de campá e dos guateques seguía a represión.

Hai un tema que trata moito nas súas novelas, que é o medo e a súa forza sobre as persoas. Só que desta volta non son medos infantís nin adolescentes. Neste libro, ademais, o único elemento fantástico é a pantasma do pai que se lle aparece a Gabriel.

O meu próximo libro, que acaba de saír pero aínda non está distribuído, titúlase *As fronteiras do medo*. Pero estes son medos literarios, os medos atávicos que temos os seres humanos. Os medos de Lovecraft ou Poe. Os medos de *Non hai noite tan longa* son distintos, porque parten da realidade e non da fantasía. É certo que me gusta mesturar nas novelas realidade e fantasía. E que nesta o elemento fantástico é esa aparición, que non queda claro se é unha pantasma ou unha proxección da mala conciencia de Gabriel, que deixara a súa familia.

Na novela asistimos ao proceso de reconciliación de Gabriel consigo mesmo, e dalgún xeito coa súa vila, non si?

Si consigo mesmo, a través da asunción do que é e de onde vén. Volve achegarse a súa irmá, e tamén á súa sobriña. Eu non diría que se reconcilia co seu pobo. Si é certo que admite que houbo xente que, polo contexto que lle tocou vivir, actuou de forma mesquiña e covarde. Xa ten unha idade na que é quen de mirar con máis indulxencia todo o que pasou. Decátase de que houbo xente que consentiu, e tamén xente que resistiu como puido...

Milucha simboliza a muller que foi quen de superar a represión sexual imposta polo réxime. A irmá de Gabriel procura a liberdade ao seu xeito. É habitual que nas súas novelas as mulleres non se comporten como mandan os roles tradicionais.

Teño moitas protagonistas femininas, que desenvolven roles afastados dos tradicionais, si. É unha mostra da miña simpatía coas reivindicacións das mulleres, ademais dun reflexo da propia

realidade: en *No corazón do bosque* o pai está en paro e é amo de casa. Iso era se cadra menos habitual que cando escribín o libro, pero agora pasa máis.

A novela opón dous tempos: os anos 60 e o 2002. Con que obxectivo?

Pois mostrar como moitas cousas que ocorren agora teñen as súas raíces nos anos 60. Só hai que mirar os apelidos do poder político e financeiro, e fixarse nas coincidencias. Son os descendentes dos que xa eran a mesma elite nos anos 50. Non é casualidade que presentase a Fonsito como director dun banco, nin que mostrase a connivencia da súa familia co franquismo. Daquela época veñen as fosas dos represaliados, ou os bebés roubados..., e moitas outras cousas, para ben e para mal.

Nalgunhas cousas si houbo unha regresión respecto á súa xeración. Como mostra a reforma laboral. Non teñen tamén sensación de estafa respecto da actualidade?

Diso falo precisamente en *Fantasmas de luz*, o libro que publiquei despois de *Non hai noite tan longa*, aínda que o escribira antes. A reforma laboral supón unha marcha acelerada cara ao século XIX, unha regresión nos dereitos conquistados con tanto esforzo. Nos 60-70 estabamos mellor, pero tampouco hai que esquecer toda a emigración que houbo a Europa entón. Ou que CC.OO. era ilegal. E si que continúa esa sensación de estafa e frustración. Se miramos por exemplo ao ensino. Toda a vida pelexando por unha escola diferente, e agora hai que volver empezar, coma no mito de Sísifo. Diminúe o profesorado, eliminan a atención á diversidade, sobrecargan aos docentes, meten máis alumnos por aula... Pero nunca hai que perder a esperanza, porque a nosa desesperanza é o que queren os que pretenden someternos. Na foto da portada de *Non hai noite tan longa* sae Rosa Parks. Martin Luther King escribiu sobre ela. O Movemento polos Dereitos Cívís dos Estados Unidos ten aínda moito que ensinarnos: a defensa firme dos propios dereitos, sen violencia...

En *Fantasmas de luz* homenaxea o cinema, coma en *Amor de quince anos, Marilyn*. E fala de exclusión social, coma en *O meu nome é Skywalker*. Por que?

Pois tanto *Fantasmas de luz* coma *O meu nome é Skywalker* partiron dun conto que escribín para un libro do IGADI, *Invisible*. É o que nos trae a globalización neoliberal: exclusión, desigualdade. En *Amor de quince anos* xa tratei o tema do cinema, pero agora é máis evidente. Cada libro é un mundo, e eu non escribo cun plan determinado. Pero si hai conexións entre eles, claro.

Acaba de recoller o premio da Asociación Galega de Editores á mellor obra de ficción do ano. Non deben quedar moitos premios literarios que non gañase. Só rexeitou o Premio da Cultura Galega como un xeito de protesta contra a política lingüística e cultural do Goberno. Parece que o tempo lle deu a razón máis aínda, non si?

Os premios sempre son importantes. O da escrita é un oficio solitario, e os premios son un recoñecemento que axuda a ter máis lectores e máis visibilidade. O da Asociación Galega de Editores veu ademais alén de distincións segundo a idade dos lectores. *Non hai noite tan longa* podería estar nunha colección de xuvenil: eu non o escribín dunha maneira distinta. O que pasa é que parte dos lectores seguen a ter prexuízos sobre a literatura infantil e xuvenil. En canto aos premios, algo de recoñecemento polo meu traballo haberá, pero tamén hai unha parte de sorte, de azar. O Premio da Cultura Galega rexeiteino polo que xa se sabe, e agora xa non hai nin Consellaría de Cultura. O que hai é unha vontade explícita de baleirar de contido a autonomía, o autogoberno, o que teña que ver coa nosa cultura e a nosa identidade. A batalla tan teimuda do goberno contra a lingua fai que se perciba con desconfianza a cultura: que se nos vexa como

sospeitosos. E isto é o contrario do que debería pasar. Todo produto cultural de calidade, -e aquí témolos como en calquera outro país,- tería que ser apoiado, como fan en Islandia...